

Comisión de Divulgación do CITMAga**Acta da reunión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2024****Membros presentes:**

Dna. Marta Pérez Rodríguez
D. Miguel Picos Maiztegui
Dna. Laura López Paz
D. Miguel Brozos Vázquez

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informes do presidente.
3. Organización de eventos relativos ao Día Internacional das Matemáticas.
4. Calendario de actividades.
5. Rolda aberta de intervencións.

Iníciase a sesión ás 12:00 horas do día 28 de febreiro de 2024, baixo a presidencia de Miguel Brozos, de forma virtual a través de MS Teams e actuando como secretaria Laura López Paz.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Apróbase a acta da reunión anterior da Comisión de Divulgación do CITMAga.

2. Informes do presidente.

- Resolveuse desfavorablemente a solicitude da G-Night 2024-2025. A actividade organizarase no 2024 pero sen financiación, ao igual que se fixo o ano pasado.
- Celebrouse o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia do pasado 11 de febreiro.
- Contactouse con DiMa e DivulgAcción.

3. Organización de eventos relativos ao Día Internacional das Matemáticas.

- Fixouse data da actividade divulgativa sobre obradoiros e perspectiva de xénero (vía Teams) e a programación da sesión que terá lugar o próximo xoves 14 de marzo de 2024.
- Fixáronse as bases do I Concurso PIMAgA e revisouse o modelo de correo-e de difusión.

4. Calendario de actividades.

Dende a Comisión de Divulgación do CITMAga valórase participar en futuras actividades de divulgación científica:

- Cullerciencia e o Día da Ciencia na Rúa
- Feira Matemática de Agapema
- Galiciencia

5. Rolda aberta de intervencións.

Dende a Comisión de Divulgación do CITMAga preténdese que, a partir das sesións dos obradoiros que se realizarán vía Teams, se promova a participación e se desperte o interese da rede de contactos do CITMAga nas diferentes actividades de divulgación científica dos próximos meses.

Acordos adoptados:

- Posta en marcha da sesión de obradoiros de divulgación científica que se realizarán vía Teams.
- Posta en marcha do I Concurso PIMAgA.
- Seguimento do calendario de actividades de divulgación científica que se levarán a cabo nas vindeiras semanas.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:20 horas, do que como secretaria dou fe, e asino a presente acta.

Laura López Paz
Secretaria da Comisión de Divulgación de CITMAga